

Usuario: _____

Data: _____

Os ecosistemas

Di como se chama(n):

*A parte sólida do planeta.

*O conxunto dos seres vivos que habitan o noso planeta.

*A capa de gases que rodea a Terra.

*A capa do planeta formada por auga nos seus tres estados.

*O conxunto formado polos seres vivos que habitan un lugar determinado e as relacións que se establecen entre eles.

*Os grupos de seres vivos dun ecosistema que se alimentan do mesmo xeito.

*Os seres vivos que son capaces de elaborar o seu propio alimento, como as plantas ou as algas.

*Dende o punto de vista da alimentación, os animais herbívoros (ou sexa, os que se alimentan de plantas).

*Dende o punto de vista da alimentación, os animais carnívoros (ou sexa, que se alimentan dos animais herbívoros).

*Os seres vivos, como os fungos e as bacterias, que se alimentan de restos doutros seres vivos.

*Un conxunto de seres vivos moi semellantes entre si que poden reproducirse e ter descendentes coas súas mesmas características.

*O conxunto de seres vivos da mesma especie dun ecosistema.

*O conxunto das poboacións dun ecosistema.

*O lugar do ecosistema no que viven os individuos dunha especie determinada porque nel danse as condicións necesarias para que esa especie poida vivir.

*As áreas naturais pouco transformadas pola explotación humana que posúen ecosistemas representativos ou nos que se localiza fauna e flora singular.

Sinala os factores que fan que se poida desenvolver a vida na Terra.

Estar a unha distancia do Sol axeitada.

A proximidade a Marte.

A existencia de diferentes tipos de rochas.

A existencia dun campo magnético.

Ter unha atmosfera.

Pertencer á Vía Láctea.

A existencia de auga nos tres estados.

Ser un planeta moi quente.

Completa a táboa dos ecosistemas coas seguintes palabras.

litoral bosque pradaría poza cidade lagoa deserto marisma

Humanizado	Natural terrestre	Natural acuático	Natural mixto

Coloca cada palabra onde corresponda.

millo gorrión bacteria carballo mofo algas león peixe fungos

Produtores	Consumidores	Descompoñedores

Une o que se corresponda.

Biosfera	CO ₂
Dióxido de carbono	Biotopo
Medio físico	Biocenose
Seres vivos	Ecosistema global

Le e contesta.

**** Os produtores fabrican o seu alimento a partir da enerxía do Sol e de materia inorgánica que obteñen do medio. Mediante as relacións de alimentación esta materia vai pasando duns elos a outros ata que finalmente o elo dos descompoñedores a transforma en materia inorgánica, que volve quedar de novo dispoñible para os produtores.**

A este proceso chamámoslle

**** Os produtores empregan a enerxía do Sol para fabricaren o seu propio alimento. Esta enerxía queda almacenada como enerxía química na materia que os forma. Mediante as relacións de alimentación a enerxía vai pasando a outros elos.**

A este proceso chamámoslle

Pensa. Co que sabes da Terra, en que tipo de planetas sería máis probable encontrar vida?

Nos que son moi quentes.

Nos que teñan auga en estado líquido.

Nos que son moi fríos.

Nos que non teñan atmosfera.